



RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES

EXPEDIENTE:2018/G003/000078

ANTECEDENTES:

Na Xunta de goberno do día 22 de febreiro iniciouse a contratación do servizo para o mantemento integral dos ascensores do Concello de Boqueixón. Na mesma sesión acordouse solicitar ofertas económicas a tres empresas: ThyssenKrupp Elevadores SL, Ascensores ENOR e Orona.

O día 28 de febreiro son enviadas as invitacións correspondentes por vía telemática. O día 9 de marzo publícase a licitación no perfil do contratista da páxina web.

Segundo os pregos de cláusulas, o prazo para entregar a documentación é de 15 días naturais.

No prazo establecido para o efecto, presentaron documentación as seguintes empresas: ThyssenKrupp Elevadores SL, Ascensores ENOR e Orona.

Na Xunta de Goberno do día 5 de abril procedeuse á apertura dos sobres B de Referencias Técnicas e Económicas. Nesta mesma sesión acordouse enviar a documentación técnica ó Estudio Técnico Gallego, para a elaboración do correspondente informe.

Os datos obtidos na apertura dos sobres económicos foron os seguintes:

Empresa	Ascensor CPI Antonio Orza Oferta económica	Ascensor casa do concello Oferta económica	Total con IVE 1 ano de contrato	Total con IVE 4 anos contrato
Orona	2.691,84 €	2.893,44 €	1.689,55 €	6.758,19 €
Enor	684,00 €	684,00 €	1.655,28 €	6.621,12 €



ThyssenKrupp	707,76 €	707,76 €	1.712,79 €	6.851,16 €
--------------	----------	----------	------------	------------

O día 24 de abril, o enxeñeiro técnico industrial, don Pablo Rojo Losada, emite o correspondente informe das ofertas presentadas tendo en conta os criterios de adjudicación que se reflicten na cláusula 14 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

Criterios valoración	Thyssenkrupp Elevadores, SLU	Ascensores Enor, SA	Orona S.Coop.
Prezo ofertado	62,62	80	69,64
Infraestrutura e medios materiais da empresa	5	5	5
Medios humanos da empresa	4	4	4
Equipo técnico e dedicación do persoal que a empresa asignará á inspección dos equipos	4	2	2
Melloras en relación coa prestación do servizo	5	2	4
Total	80,62	93	83,64

Na Xunta de Goberno realizada o día 3 de maio, clasifícanse as ofertas e obtense o seguinte resultado:

Empresas	Referencias Técnicas	Oferta Económica	Total
Ascensores Enor, SA	13	80	93
Orona S. Coop.	14	69,64	83,64



Thyssenkrupp elevadores, SLU	18	62,60	80,62

Na mesma sesión acórdase requirir á empresa con maior puntuación que presente a documentación que se especifica na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas e económicas que rexen a contratación.

Con data 15 de maio envíase o correspondente requirimento e, a empresa Enor, SA entrega a documentación no rexistro municipal o día 28 de maio.

Polo tanto e ter que adxudicar o contrato no prazo máximo de cinco días hábiles, Resolvo:

Adxudicar o contrato de mantemento integral dos ascensores á empresa Enor, SA por un importe anual de 1.655,28 euros/ano e por un período de 4 anos

Comunicar á empresa adxudicataria que o contrato se asinará no prazo máximo de 15 días hábiles a partires de que reciban a notificación da adxudicación.

Comunicar este acordo a tódalas empresas licitadoras

Boqueixón, mércores 30 de maio de 2018

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín